



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MEAÑO E O UNIÓN DENA CLUB DE FÚTBOL

En Meaño a 28 MAY 2016

REUNIDOS:

Dunha parte D^a. M^a Lourdes Ucha Varela, con DNI nº 35314573M, actuando en nome e representación do Concello de Meaño, na súa calidade de alcaldesa, en virtude das facultades representativas que lle atribúe a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

De outra parte D./D^a. Juan José Castro Cousido, con DNI núm. 76870589N na súa calidade de Presidente/a do Unión Dena Club de Fútbol (o cal acredita mediante certificación da Secretaría da Asociación).

Actúan ambos coa representación que legal e regulamentariamente teñen concedida, reconecéndose reciprocamente os asinantes do presente documento plena capacidade para a firma do presente CONVENIO e para o efecto

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que o Concello de Meaño ten como unha das súa competencias as actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo de lecer, de acordo co previsto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local e no artigo 80.2 n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O Concello de Meaño apoia todas aquelas iniciativas conducentes ó desenvolvemento de accións que impliquen a promoción, conservación e difusión da nosa cultura así como o mantemento e potenciación daquelas actividades culturais que impliquen a promoción do Concello de Meaño e en xeral das distintas manifestacións artísticas.

SEGUNDO.- O presente convenio ten por obxecto financiar os gastos DA ESCOLA DEPORTIVA DE FÚTBOL co fin de manter e seguir mellorando estas actividades.

A tal efecto, na Base XII de execución do Orzamento municipal do ano 2016, establécense as seguintes subvencións nominativas:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE MÁXIMO
341.480	Unión Dena CF	Escola deportiva de fútbol	8.000,00 €

TERCEIRO.- Que o Unión Dena Club de Fútbol ten dentro dos seus fins principais os seguintes:

* O fomento da práctica deportiva sen ánimo de lucro.

CUARTO.-

A) Que o Unión Dena Club de Fútbol figura inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello de Meaño.

B) Que aporta neste acto certificación da Secretaría da entidade de non estar incurso en





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións ou axudas da Administración Pública e de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica, local e coa Seguridade Social.

Polo anterior, ámbalas dúas partes asinantes acordan outorga-lo presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLAUSULAS:

PRIMEIRA.- O obxecto do presente Convenio é regula-la colaboración entre o Concello de Meaño e o Unión Dena Club de Fútbol e deste xeito fomenta-la práctica deportiva de acordo coas competencias propias do Concello e os fins que caracteriza ó Unión Dena Club de Fútbol.

SEGUNDA.- O Unión Dena Club de Fútbol comprométese a:

- 1) Realizar as actividades subvencionadas segundo as normas de funcionamento da propia Asociación e as directrices que sinala o Concello.
- 2) Admitir nas actividades a que se refire a subvención con carácter prioritario aos veciños de Meaño.
- 3) Someterse as actuacións de comprobación que respecto a xestión dos fondos outorgados poda facer o Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, aportando canta información sexa requirida no exercicio de súas actuacións.
- 4) No desenvolvemento destas actividades farase a debida publicidade onde figure o patrocinio das mesmas por parte do Concello de Meaño (cartelería, publicidade, recortes de prensa, pancartas, vestimenta, etc...).

TERCEIRA.- O Concello de Meaño comprométese a colaborar no mantemento e promoción de actividades da escola deportiva de fútbol cunha subvención máxima de 8.000,00 €uros no ano 2016, con cargo á partida 341.480 do Orzamento municipal. O libramento da axuda poderá ser efectuado parcialmente con carácter trimestral, podendo ascender o total da axuda ó 100% do orzamento subvencionable, unha vez acreditada a realización da actividade subvencionada, (ou o libramento da axuda efectuarase previa xustificación do investimento realizado) debendo presentar os seguintes documentos:

- * Memoria da actividade.
- * Declaración da Presidencia da Asociación das actividades realizadas ou a realizar no trimestre correspondente ou no ano 2016.
- * Facturas orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas relacionadas coa actividade subvencionada. De tratarse de gastos de monitores ou director presentaran liquidacións debidamente asinada polo beneficiario en a que se reflexen os datos persoais, concepto e o importe íntegro da prestación, o importe da retención correspondente ao IRPF e o importe líquido a percibir polo interesado. Par apercibir o seguinte trimestre será necesario presentar o ingreso efectuado a Axencia Tributaria do retido no trimestre anterior (Mod. 110).
- * Xustificante de pago a terceiros mediante documento expedido por unha entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago. Só



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

excepcionalmente podería utilizar o pago metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. En calquera caso será obrigatorio o pago mediante transferencia bancaria cando o importe do gasto sexa igual ou superior a 2.500,00 €.

* Certificación ou declaración asinada polo Presidente/a, Secretario/a e Tesoureiro da Asociación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (có o Concello, Facenda do Estado, Facenda da Xunta e fronte á Seguridade Social). (Anexo IV).

* Certificado ou declaración asinada polo Presidente/a, Secretario/a e Tesoureiro da Asociación das subvencións ou axudas concedidas ou recibidas doutras Administracións Públicas ou Entidades Privadas para o mesmo fin ou pola contra de non haber recibido nin solicitado ningunha subvención pública o privada para o mesmo fin. (Anexo IV).

* Conta xustificativa do gasto. (Anexo IV).

* Xustificación dos ingresos: con declaración responsable dos ingresos obtidos e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custo da actividade. (Anexo IV).

O prazo de xustificación rematará o día 31 de decembro do ano en curso, salvo aquelas cuxa actividade se realiza no último trimestre do ano en cuxo caso poderá ser xustificada antes do 31 de xaneiro do ano seguinte. De non xustificarse antes de ditas datas perderase o dereito a esixila.

Á vista da documentación xustificativa presentada, a Xunta de Goberno ou o Sr. Alcalde estimará o cumprimento das actividades subvencionadas, e procederá , no seu caso ó recoñecemento e pago da mesma.

O aboamento da subvención ou axuda farase efectivo por medio de ingreso na conta bancaria da entidade financeira que conste no Rexistro de Asociacións do concello sinalada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

CUARTA.- A Asociación beneficiaria queda sometida á responsabilidade e ó réxime sancionador establecido no artigo 40 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais así como no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

QUINTA.- Para o cumprimento do presente convenio créase unha Comisión Mixta de Seguimento, formada polos o/a Concelleiro/a de Cultura do Concello de Meaño e a Presidencia do Unión Dena Club de Fútbol.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, de se-lo caso, arbitra-los mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

SEXTA.- O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose, os seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Será competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Este convenio non comporta ningunha relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre o Unión Dena Club de Fútbol e o Concello de Meaño, de forma que non se poderá esixir ningunha responsabilidade, directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

SEPTIMA.- O incumprimento de calquera das cláusulas do Convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste.

OITAVA .- A vixencia do presente Convenio será dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

O presente Convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións.

En proba de conformidade asinan o presente Convenio , que se estende por duplicado, no lugar e data anteriormente indicada.

A ALCALDESA

A PRESIDENCIA DO UNIÓN DENA C.F.

